



**Plan de convivencia**



**C.E.I.P. Plurilingüe Santa María  
A Fonsagrada**

The graphic features a blue background with white icons. At the top left is a crown with a cross on top. Below it is a horizontal line. At the bottom left is a semi-circle. In the center, there are two crosses of different sizes, one above the other.

## **PLAN DE CONVIVENCIA**

### **INTRODUCCIÓN**

- 1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO**
- 2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**
  1. OBXECTIVOS XERAIS
  2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
- 3. CONCRECIÓN DO PLAN**
  1. ACTUACIÓNS
  2. MEDIDAS
  3. PROGRAMAS
- 4. NORMAS DE CONVIVENCIA**
- 5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**
- 6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**
- 7. PROTOCOLOS**
  1. ACOSO ESCOLAR
  2. MEDIACIÓN ESCOLAR
  3. PROCEDEMENTO CONCILIADO
  4. PROCEDEMENTO COMÚN
- 8. ESCOLA DE NAIS E PAIS**
- 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR**
- 10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 11. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

## PLAN DE CONVIVENCIA

### INTRODUCCIÓN

Aprender a convivir na sociedade forma parte das habilidades básicas das persoas e constitúe un dos principais desafíos do sistema educativo actual, na procura dunha sociedade máis moderna, xusta e democrática; máis igualitaria, cohesionada e pacífica.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida dende o respecto mutuo, a aceptación de normas comúns, doutras opinións e estilos de vida; o respecto á diversidade e a resolución pacífica de conflitos.

Entendemos que, para que este documento sexa útil e eficaz, debe comprometer a toda a comunidade educativa. A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de todos os sectores, un reto que o centro asume partindo da análise da nosa realidade para xerar medidas e accións encamiñadas á mellora da convivencia do centro e da comunidade educativa en xeral. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se leva a cabo nas titorías desde o desenvolvemento dos Plans de acción tutorial, de atención á diversidade e do conxunto de programas institucionais nos que participa o centro.

### 1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

#### **a) Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.**

O CEIP Santa María está ubicado no concello de A Fonsagrada, situado no extremo centro-oriental da provincia de Lugo, formando un conxunto montañoso que constitúe unha fronteira natural coa Comunidade Autónoma de Asturias.

O centro pertence a un entorno principalmente rural, polo que o sector primario é a base da súa economía centrado especialmente na gandaría e na explotación forestal. O sector secundario é menos importante, destacan algunhas pequenas empresas de transformación de madeira, elaboración de produtos cárnicos, fabricación de pensos....

O sector terciario foi medrando nos últimos anos.

O centro da vila é o lugar onde se concentran a maior parte das actividades comerciais e núcleos financeiros e profesionais.

O nivel económico e cultural da poboación é medio-baixo.

O alumnado do centro é de lugares moi dispersos xa que o concello é moi extenso. Este alumnado vive, en moitos casos, en aldeas de escasa poboación, dándose casos de nenos e nenas que non só son fillos únicos, senón que tamén son os únicos do seu pobo, polo que o colexio é o único lugar onde poden relacionarse con outras persoas da súa idade.

#### **b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.**

Un dos aspectos que inflúe positivamente no clima de convivencia é que somos un centro pequeno, con grupos pouco numerosos, o que permite un coñecemento moi exhaustivo das características e circunstancias do desenvolvemento e comportamento do noso alumnado, isto favorece a detección dos inconvenientes propios do día a día e a case inmediata resolución dos conflitos que poidan xurdir.

Sabemos que é máis doado manter unhas condicións que non propician o conflito nas actividades que se desenvolven nas aulas que noutros contextos como poden ser os servizos complementarios e o tempo de lecer que, por outra banda, constitúen un bo escenario para a aprendizaxe de estratexias na vida en sociedade.

O alumnado, en algunhas ocasións, interpreta que os servizos complementarios non forman parte da escola e actúa de xeito distinto durante as actividades lectivas e durante o uso destes servizos (transporte escolar e comedor), producíndose máis casos de condutas contrarias á norma nestes últimos.

O mesmo sucede cos tempos de lecer e nas actividades complementarias e extraescolares.

Debemos realizar un traballo de interiorización co alumnado e coas familias no senso de que os servizos complementarios forman parte do ámbito escolar e, polo tanto, son de aplicación neles as mesmas normas que no resto de actividades do centro.

Asemade, tamén é imprescindible a colaboración co persoal que atende ao alumnado nestes tempos e espazos, ó que se lle dará a coñecer tanto o NOF como este plan, para poder informar das condutas contrarias á norma e dar solucións ás mesmas.

### **c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.**

**Profesorado:** a maior parte do profesorado ten destino definitivo no centro, o que fai que a composición do claustro sexa bastante estable. Existe unha boa disposición para formar parte das iniciativas que se propoñen, como demostra a nosa participación en distintos programas, tanto da Consellería de Educación como doutras institucións.

**Alumnado:** en xeral, podemos dicir que o alumnado participa de forma activa na vida do centro, implicándose nas actividades, tanto de aula como comúns.

En canto a convivencia se refire, sempre que é posible, pídesse a súa participación para resolver os conflitos.

**Familias:** hai distintos grados de implicación das familias con respecto a este tema; pero en xeral, agás en casos moi puntuais, a resposta das familias é positiva.

**Persoal non docente:** o centro conta con coidadora, conserxe, persoal de comedor e colaboradoras, coidadoras de transporte e persoal de limpeza. Este persoal é coñecedor dos aspectos xerais do ámbito da convivencia e no desenvolvemento das súas funcións contribúe ao cumprimento das pautas establecidas neste plan de convivencia. Como se mencionou anteriormente o feito de ser un centro pequeno os membros deste sector teñen unha estreita relación co alumnado.

### **d) Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.**

A conflitividade é baixa e, en xeral, corresponde maioritariamente con infraccións leves que consisten en pequenos incidentes entre o alumnado.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son : disrupción na aula, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros, distracción e falta de atención, esquecemento do material para o desenvolvemento das actividades lectivas, falta de puntualidade na entrada ao centro e perda de respecto entre iguais ou aos compañeiros de cursos inferiores.

Detéctanse puntualmente falta de pautas de traballo na casa, delegación de responsabilidades educativas hacia o colexio e participación soamente no caso de ser requiridos (nalgúns familias).

**e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoita ser comentada coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta, senón esta resolución pacífica lévase a cabo co persoal docente presente no momento, mediante o diálogo e o consenso das actuacións que melloren ese conflito.

Sempre se escoitarán as versións das partes implicadas, procurando que ambas teñan un papel activo na resolución de dito problema.

## **2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

### **1. OBXECTIVOS XERAIS:**

1. Educar nos principios da convivencia pacífica e nos valores democráticos para avanzar na formación dunha cidadanía crítica e responsable.
2. Favorecer a mellora da convivencia no Centro, para conseguir o clima de aceptación, confianza e seguridade que garanta o cumprimento das finalidades educativas do centro.

### **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

1. Establecer un marco de referencia para a organización e funcionamento que facilite as relacións, a comunicación e a participación dos membros da comunidade educativa.
2. Fomentar os valores democráticos de solidariedade, tolerancia, colaboración e respecto ás ideas e ás persoas.
3. Propoñer para o Centro un modelo global de educación na convivencia ou de educación na resolución de conflitos.
4. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
5. Facilitar a detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e de aprendizaxe.
6. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
7. Rexeitar a violencia como forma de resolución dos conflitos.

## **3. CONCRECIÓN DO PLAN: ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORES DUNHA CONVIVENCIA DE CALIDADE.**

### **3.1 ACTUACIÓNS**

**Descrición das actuacións, que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.**

➤ **Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.**

O Plan de convivencia que se enmarca dentro do PE concreta cada curso as actuacións que se van desenvolver na PXA, no PAD, no PAT e nas programacións didácticas. A coordinación de ditas actuacións previstas neses documentos levarase a cabo nas reunións mensuais da CCP e do DO e nas reunións trimestrais da comisión de convivencia.

➤ **Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.**

- Actuacións encamiñadas a facilitar a **integración do alumnado**:

- Coñecemento das normas do Centro, así como dos seus deberes e dereitos. Cada curso consensuará as normas de funcionamento do grupo.
  - Cada aula disporá dun termómetro de convivencia para facer unha análise quincenal do clima xeral da aula, valorando: o trato axeitado entre iguais, o respecto en xeral, o uso dunha linguaxe apropiada, as condutas disruptivas, a autonomía e responsabilidade, o respecto de espazos e tempos,...
- A análise destes aspectos fai que o alumnado teña un papel proactivo na resolución de conflitos que poidan xurdir, promovendo o desenvolvemento dunha moral autónoma e construíndo unha convivencia restaurativa do dano e non centrada na evitación do castigo.
- Por outra banda isto favorece o estudo multifactorial dos aspectos que inflúen na convivencia, axudando a saber que circunstancias das aulas promoven o benestar e cales dificultan as boas relacións, centrando así as intervencións e posibles modificacións no ambiente e non nas persoas directamente, evitando a victimización e a culpabilización.
- Tendo en conta que un dos obxectivos prioritarios da etapa Primaria é coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, darase prioridade ao tratamento transversal dos valores que contempla o currículo, que contribúen á madurez e competencia social e cívica.

-Actuacións dirixidas a favorecer as **relacións das familias e o centro educativo**.

Dentro do Plan de Convivencia é necesario propiciar a implicación das familias no centro en todo o relacionado coa ensinanza e o aprendizaxe a nas actuacións referidas á convivencia. A familia ten un papel moi importante, xa que soamente será posible xeneralizar as aprendizaxes se as medidas se poñen en práctica tanto no colexio como no fogar. Por este motivo é necesario ter en conta as seguintes actuacións:

- Fomentar a colaboración familia-colexio a través dun intercambio construtivo de informacións que permita unir esforzos para acadar fins comúns e creación de formas de comunicación.
- Dar a coñecer ás familias o presente plan e os documentos que regulan a convivencia.
- Informar ás familias nas reunións do inicio de curso das normas de conduta e de convivencia.
- Favorecer a comunicación coa familia con reunións individuais, chamadas telefónicas, notas na axenda escolar,...
- Dotar ás familias de información e orientacións que axuden a previr conflitos e condutas violentas dos seus fillos no centro escolar, nas relacións cos iguais e cos adultos.
- Recoller iniciativas ou propostas da ANPA, referidas a fomentar a convivencia.
- Asesorar ás familias sobre servizos de apoio externos ó centro ( sociais, sanitarios...)

- Actuacións encamiñadas a favorecer a **participación do profesorado**.

- Formación en temas relacionados coa convivencia.
  - Participación en diferentes programas institucionais: Contratos-Programa Inclúe ( Emoción-T, Inclúe-T e Iguála-T), Plan Director da Garda Civil ...
  - Desenvolvemento das diferentes actividades propostas polo Departamento de Orientación e por axentes externos.
- **Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia**, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

**a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro.**

O equipo directivo presentará e ensinará ó novo alumno/a e aos seus proxenitores as diferentes dependencias do centro e acompañarao á súa aula.

O profesorado, especialmente o titor/a, acollerá ao novo alumno ou alumna e encargarse da súa integración no grupo.

Realizaráselle unha avaliación inicial, que inclúa coñecementos e habilidades comunicativas e sociais, para determinar o nivel educativo do alumno/a.

Facilitaráselle, así mesmo, o coñecemento das normas de convivencia xerais do centro e as particulares da aula, especificando os dereitos e os deberes dos alumnos/as e as correccións ou medidas disciplinarias que, no seu caso, se aplicarán.

**b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.**

- Realización de campañas de sensibilización do profesorado , das familias e do alumnado contra o acoso escolar.

- Elaboración de decálogos para erradicar a violencia nas relacións entre iguais.

- Sensibilizar á comunidade educativa a través de dípticos elaborados pola Comisión de Convivencia e /ou Departamento de Orientación.

- Crear, no día a día do centro, unha cultura de seguridade, respecto e cooperación, comprometendo a toda a comunidade escolar.

- Participación no programa institucional “Plan Director da Garda Civil” e noutros programas que fomenten a educación en valores. A participación do centro no Plan Director ten como obxectivo proporcionar ao alumnado estratexias de ciberseguridade e ciberacoso, previndo deste xeito novas formas de intimidación e favorecendo un uso axeitado e responsable das redes sociais e dos videoxogos.

- Celebración das seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

**c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

- Obradoiros de igualdade de xénero.

- Coloquios, debates, onde a través do diálogo compartido polo alumnado, profesorado e outras persoas da comunidade educativa se reflexione conxuntamente sobre diferentes temas relacionados coa igualdade.
- Visibilización das mulleres en todos os ámbitos, ao longo da historia e no presente, poñendo de relevo as achegas das mulleres na tecnoloxía, a ciencia, o deporte, a literatura, etc.
- Loita contra os estereotipos.
- Reparto non discriminatorio dos espazos do centro.
- Prevención de todas as violencias machistas.
- Desenvolvemento do Contrato - Programa Iguála-T.
- Celebración das seguintes conmemoracións:
  - 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
  - 25 de novembro: Día internacional contra a Violencia de Xénero.
  - 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
  - 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
  - 8 de marzo: Día Internacional da Muller.

**d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

Dentro do Plan de Acción Titorial establécense dinámicas grupais que inclúen actividades de coñecemento e de posta en común das diferentes capacidades, gustos, intereses, circunstancias das experiencias vividas... para, deste xeito, favorecer o respecto e a aceptación das diferenzas entre iguais e da realidade das persoas que nos rodean.

- Desenvolvemento do Contrato - Programa Inclúe.
- Celebración das seguintes conmemoracións:
  - 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
  - 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
  - 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
  - 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

**e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.**

Na PXA aparece recollido o calendario de quendas de vixilancia de patios, entradas e saídas do centro e tempos de lecer.

### 3.2 MEDIDAS

**Medidas que se van aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir.**

➤ **Medidas para previr e detectar conflitos:**

- Presentar o plan de convivencia a toda a comunidade educativa.



- Dende o coñecemento e análise deste marco cada grupo-aula elaborará, de forma consensuada, as súas propias normas de funcionamento.
- Unificar os criterios de aplicación destas normas na aula por parte de todos os docentes.
- Actividades englobadas dentro do proxecto da biblioteca e o Plan de Acción Titorial dirixidas a:
  - Fomentar valores de respecto, tolerancia, igualdade, solidariedade e aceptación da diversidade.
  - Coñecer as capacidades, gustos e intereses propios e alleos.
  - Fomentar o autocontrol, asertividade e empatía.
  - Desenvolver dinámicas relacionadas coa intelixencia emocional, habilidades sociais e resolución de conflitos.
  - Sensibilizar contra o maltrato entre iguais (acoso escolar e ciberacoso).
- Celebración do Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- Vixilancia: durante o tempo en que o alumnado se atopa dentro das instalacións do centro, estará debidamente atendido por parte do profesorado (coidadoras/es no caso do recreo de comedor).
- Alumnos/as observadores/as : son potencialmente todo o alumnado, en tanto que calquera pode ser testemuña dunha agresión, falta de respecto, maltrato....
- Trátase de concienciar de que é esencial comunicar a un adulto calquera conduta contraria á convivencia.

➤ **Medidas para a resolución de conflitos.**

- Escoita das partes implicadas.
- Búsqueda de acordo- resolución.
- Se é preciso, avisarase ás familias solicitando a súa colaboración na resolución do conflito.
- A tipificación das condutas contrarias á convivencia e o protocolo de aplicación das medidas correctoras están recollidas nas normas de convivencia do centro.
- Procurarase que as medidas correctoras se rexan polos principios de:
  - **Educación:** As correccións que se impoñan terán un carácter educativo contribuíndo á reparación do dano causado. A sanción acompañarase de pautas de actuación.
  - **Inmediatez:** Para que as correccións sexan efectivas aplicaranse o máis rápido posible porque desta forma o alumno establecerá a asociación conduta- consecuencia.
  - **Proporción:** A corrección será proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen.
  - **Consistencia:** Os mesmos actos serán sancionados sempre e as mesmas condutas terán sempre as mesmas consecuencias.
  - **Interese xeral:** Á hora de aplicar as correccións considerarase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

### 3.3 PROGRAMAS

**Programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.**

O centro participa nos programas educativos : CP Inclúe ( Emociona-T, Iguála-T e Inclúe-T) e colabora coa Fundación Meniños.

O contrato- programa Inclúe promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión e o desenvolvemento da competencia emocional, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado e desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades.

#### **Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.**

O departamento de orientación de cada centro desenvolve un programa que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

## **4. NORMAS DE CONVIVENCIA**

As normas de convivencia están recollidas no Plan específico de Normas de Convivencia.

## **5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A comisión de convivencia constitúese no seo do consello escolar, ten carácter consultivo e velará pola correcta aplicación do Plan de Convivencia e das normas do centro (NOFC)

A comisión de convivencia, na súa composición, integra o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Está composta polas persoas representantes do profesorado e das familias e o orientador do centro. Os membros poden coincidir cos do Consello Escolar pero non teñen que ser os mesmos necesariamente. Está presidida pola persoa titular da dirección e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario e levantará actas das reunións.

O nomeamento dos membros da comisión de convivencia corresponde ao director/a por proposta dos colectivos correspondentes.

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá as seguintes **funcións**:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente ao fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos, dúas veces ó longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, se é o caso, á persoa titular da dirección do centro as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grado de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## 6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Correspóndelle á xefatura de estudos organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

- **A aula de convivencia inclusiva** ten por obxecto substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro para reincorporarse á súa propia aula no menor tempo posible.

### a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta:

Na aula de convivencia atenderanse dous tipos de situacións cos alumnos e alumnas:

#### 1- Alumnado que por problemas de conduta é apartado puntualmente da aula habitual.

- O mestre ou mestra comunicará a situación a calquera membro do equipo directivo e detallará o sucedido por escrito no parte de clase.
- O equipo directivo avisará á mestra ou mestre de garda que, acompañará ao alumno/a á aula de convivencia. A finalidade desta medida é proporcionarlle ao alumno/a un tempo de reflexión.
- Establécese como aula de convivencia inclusiva a biblioteca do centro.

- Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de convivencia deberán ser informados cada vez que os seus fillos/as asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou
- Na terceira ocasión na que se derive puntualmente un alumno ou alumna á aula de convivencia inclusiva, será o titor ou titora quen convocará ao pai, á nai ou ás persoas titoras legais a unha reunión no centro educativo. O obxectivo da reunión é buscar o compromiso de todas as partes para mellorar a conduta do alumno ou alumna.
- A reiteración de envíos á aula de convivencia poderá ser considerada unha falta contraria ás normas de convivencia e cubrirase o correspondente parte de incidencias.

## 2- Alumnado derivado á aula de convivencia como resultado dunha sanción disciplinaria.

- Nestes casos a aula de convivencia é o lugar onde o alumnado que ten suspendido o dereito de asistencia ao centro, como consecuencia dun proceso disciplinario, pode permanecer cumprindo a súa sanción, cando a dirección e a xefatura de estudos o considere adecuado atendendo as súas circunstancias persoais e familiares.
- Durante a súa estancia na aula este alumnado traballará nas materias que lle corresponda segundo o seu horario, atendido polo profesorado de garda.
- O titor ou titora recabará as tarefas que debe realizar e o profesor de garda velará porque o alumno ou alumna cumpra as tarefas.

### b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva.

Como xa se dixo anteriormente a aula de convivencia inclusiva será atendida polo profesorado de garda.

### c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva.

O Departamento de Orientación programará e dará a coñecer actuacións que favorezan, entre o alumnado enviado á Aula de Convivencia, actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Estas actividades estarán recollidas no Programa de Habilidades Sociais para aqueles nenos e nenas que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas como indica a lei: “ aplicaranse en colaboración co profesorado titor e , de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas”.

### d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva.

**1-Horario :** A aula de convivencia permanece aberta no mesmo horario que o resto das aulas ordinarias-

**2-Localización:** A aula de convivencia inclusiva estará ubicada na biblioteca escolar.

**3-Instalacións:** Nela contamos co material propio dunha aula ordinaria, mesas, cadeiras, ordenador, pizarra dixital...

A **dirección do centro** será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

## 7. PROTOCOLOS

### 1. ACOSO ESCOLAR

O Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

### 2. MEDIACIÓN ESCOLAR

O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.

#### Equipo de mediación

- Características da mediación
- *Creación do equipo de mediación.*
- *Solicitud de mediación.*
- *Desenvolvemento da mediación.*

*“A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para as dúas”.*

O profesorado/alumnado mediador axudan a facer este traballo a aquel alumnado que ten un conflito e que voluntariamente solicita a mediación, é dicir, o profesorado/alumnado mediador coopera, axuda a comunicarse ás partes en conflito para que atopen solucións xustas e satisfactorias para todos ou, polo menos, para poder mellorar a relación coa outra persoa.

- *Características da mediación.*

- ✓ Voluntariedade: será voluntaria para o alumnado. Só se pode levar a cabo se é solicitada polas partes en conflito. Este carácter voluntario tamén se estende ós mediadores, que poderán rexeitar unha mediación se as condicións da mesma non lles parecen axeitadas ou se puideran ver implicados dalgún modo nun certo favoritismo cara a algunha das partes en conflito.
- ✓ Confidencialidade: todo o que se diga nunha mediación será secreto.
- ✓ Casos indicados para mediación/conflictos que poden mediar:
  - Aqueles nas que as dúas partes a piden ou a aceptan unha vez proposta.
  - Problemas de relación non resoltos entre as partes polos seus propios medios: rumores, insultos, queixas, disputas e pelexas, amizades deterioradas, ameazas.
  - Non se empregará a mediación en casos de acoso nin en agresións con dano físico.
- ✓ As partes en conflito deben: aceptar solucionar o conflito de forma cooperativa, utilizar mensaxes en primeira persoa, poñerse no lugar do outro, manifestar a súa responsabilidade no conflito, colaborar para buscar unha solución e aceptar un acordo satisfactorio para ambos (ceder as dúas partes).

- *Creación do equipo de mediación.*

- ✓ O equipo de mediación estará coordinado pola persoa responsable da dinamización da convivencia escolar, co apoio do departamento de orientación.
- ✓ Perfil do mediador: ser discreto, non emitir xuízos de valor, ser neutral, mostrar empatía, practicar a escoita activa, non afondar máis do necesario, aceptar o acordo desde o punto de vista das partes e realizar un seguimento do acordo.
- ✓ Pasos a seguir na selección do profesorado:
  - Proposta da dirección do centro, no claustro de profesores, para formar parte do equipo de mediación.
- ✓ Pasos a seguir na selección do alumnado:
  - Divulgación: o responsable da dinamización da convivencia escolar realizará unha campaña de sensibilización e divulgación entre o alumnado. Para iso poderá utilizar ó profesorado titor. Establecerase un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte do equipo de mediación.
  - Recollida de información: recollerase información, de xeito oral e/ou por escrito, dos motivos e cualidades do alumnado que se prestou voluntario, do seu coñecemento da medida, o grao de compromiso, a postura ante os conflitos, o desexo de axudar ós demais. As fontes de información serán o propio alumnado e o profesorado.
  - Selección do alumnado: finalmente o responsable da dinamización da convivencia escolar seleccionará entre o alumnado voluntario o que pasará a formar parte do equipo de mediación.

- *Solicitude de mediación.*

A necesidade de mediación nun conflito pode chegar ata a persoa coordinadora de diversas formas: cando un alumno ou alumna o solicita directamente ou a través do profesorado que detecta o conflito ou por medio de calquera outro membro da comunidade educativa.

- *Desenvolvemento da mediación.*

Á reunión de mediación asistirán as partes a mediar, os mediadores e a persoa coordinadora de mediación, que se limitará a observar e só intervirá se non se respectan os pasos a seguir ou os acordos adquiridos para o desenvolvemento da reunión.

A mediación desenvolverase de acordo ó seguinte esquema:

- ✓ Disposición na mesa: sentaranse a un lado os mediadores e ó outro os alumnos mediados.
- ✓ Inicio da reunión: despois dos correspondentes saúdos, os mediadores lembrarán as condicións ás que eles mesmos se comprometen: confidencialidade, imparcialidade, non xulgar e só intentar axudar, a solución debe xurdir das partes mediadas. A continuación lembrarán as condicións que deben respectarse: non interromper, non insultar, falar en primeira persoa, mostrar empatía, colaborar na busca de solucións e aceptar as mesmas.
- ✓ Exposición do conflito: intentarase aclarar ó máximo o problema permitindo que cada parte manifeste a causa, as súas necesidades e que comprenda a postura e as necesidades da outra.
- ✓ Busca de solucións: permitirase que as partes propoñan solucións que favorezan a todos, aínda que implique que teñan que ceder en algunha pretensión.
- ✓ Acordo: a solución que se adopte no acordo debe ser concreta, equilibrada e avaliable. A persoa coordinadora cubrirá un documento, unha vez lido en voz alta por un mediador, asinarase en sinal de conformidade das dúas partes e da testemuña dos mediadores.
- ✓ Seguimento (revisión): no acordo anterior debe figurar o día, hora e lugar de celebración dunha reunión de seguimento, que como mínimo será unha semana despois da reunión de mediación. Na mesma, a persoa coordinadora rematará de cubrir o informe. Comunicarase o resultado da mediación ás titorías do alumnado implicado.

O coordinador ou coordinadora do equipo de mediación (responsable da dinamización da convivencia escolar) coidará que se leve a cabo o rexistro das actuacións. Toda a documentación empregada durante o proceso será arquivada no centro e só poderá ser utilizada para o seguimento, control e avaliación do proceso de mediación.

## 3. PROCEDIMIENTO CONCILIADO

Procedemento conciliado:

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 /48.1		Conduta, posibles corrección e instrutor
4	Aceptación do procedemento conciliado	48.2	1 día lectivo	Só si se lle ofrece este procedemento
5	Reunión afectados:	50	1 día lectivo	Instrutor/mediador(artº 5º)/pais - alumnos
	Valoración dos feitos			Levantar acta
	Posible petición de desculpas			
	Acordar por escrito as medida/s correctora/s			
	Constancia escrita da conformidade coas medidas			
6	Ratificación do acordo pola dirección do centro	50.5		
	En caso de non producirse acordo	50.7		Aplicarase o procedemento común
	En caso de incumprimento das medidas	50.6		Aplicarase o procedemento común



## 4. PROCEDEMENTO COMÚN

## Procedemento común:

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 /48.1		Conduta, posibles corrección e instrutor
4	Instrución do procedemento polo instrutor	53.2/ 48.3.4.5	5 días lectivos	
5	Proposta de resolución do instrutor	53.3		
6	Citación aos pais – alumnos para a audiencia	53.3		Obriga dos pais de comparecer (Artº 37.6)
7	Audiencia aos pais - alumnos	53.3	3 días lectivos_recepci	Acceso á documentación _ Levantar acta
8	Resolución	54.1	1 día lectivo	Feitos, atenuantes, agravantes (inf. revis 2d)
9	Notificación da resolución	37.7 / 54.2	Máx 12 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
10	Posible solicitude REVISIÓN ante o C.E.	54.3	2 días lectivos	Desde recepción resolución (na Lei 4_12 días)
11	Posible suspensión da aplicación das medidas	55		Require asinar un compromiso de convivencia

## 8. ESCOLA DE NAIS E PAIS

1. Cando así se determine no plan de convivencia de cada centro e cos requisitos que se establezan naquel documento, poderán crearse as escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

2. As nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores.
- c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos.

## 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR

Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

- a) Coordinación e colaboración interna do Centro:
  - CCP
  - Claustro de profesores.
  - Reunións de Orientación.
- b) Coordinación e colaboración coas familias:
  - Reunións de principio de curso.
  - Tutorías.
- c) Colaboración con outros organismos:
  - Garda Civil: Charlas sobre redes sociais, acoso escolar.

## 10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia estará a disposición dos distintos sectores da comunidade educativa:

- na páxina web do centro,
- na reunión de pais/nais de principios de curso
- na secretaría do centro permanentemente.

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa.

## 11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

### Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Levarase a cabo un seguimento continuo, procesual e integrador de todos os aspectos do plan de convivencia.

Avaliaranse todos os ámbitos: sociais, familiares e escolares.

En relación co entorno social avaliaranse os seguintes aspectos:

- As relación entre o centro educativo e as institucións do entorno.
- As relación entre as familias e as institucións do entorno.
- A oferta de formación e ocio das institucións do entorno.

En relación coa familia avaliarase o seguinte:

- A relación centro- familia, os cauces de comunicación e de información así como a súa participación.
- Espazos e tempos dedicados a súa relación.
- Estilos educativos das familias e a súa formación.

En relación co entorno escolar avaliarase:

- Espazos, instalación e mobiliario.
- Clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...
- Normas de convivencia, centro e aula.
- Relacións entre os alumnos.
- Relacións entre o profesorado e alumnos/as do centro.
- Relación entre as familias e o personal do centro.
- Medidas para previr conflitos e as formas de resolvelas.
- Resposta educativa á diversidade.

Melloraranse todos aqueles aspectos que consideremos oportunos despois dos resultados da avaliación.